

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

Quen ao finalizar 4º ESO obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra, podendo concederse a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no cuarto curso. Neste caso dentro do número que permite a norma e ata completar as matrículas que o equipo docente considere conceder, aplicaranse por orde os seguintes criterios:

- a) Maior nota media en 4º ESO.
- b) Maior nota media da etapa.
- c) Maior nota media en 3º ESO.
- d) Maior nota media en 2º ESO.
- e) Sorteo público.

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO

Quen ao finalizar 2º Bacharelato obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra, podendo concederse a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado en 2º Bacharelato. Neste caso dentro do número que permite a norma e ata completar as matrículas que o equipo docente considere conceder, aplicaranse por orde os seguintes criterios:

- a) Maior nota media en 2º BACHARELATO.
- b) Maior nota media da etapa.
- c) Maior nota media na ESO.
- d) Sorteo público.